



## ENTREVISTA A XAQUÍN LORENZO 4.

### Nacionalismo galego de anteguerra.

**NOME DO DOCUMENTO:** MPG\_MPGF\_0001\_006\_en\_0\_31\_40\_D  
**AUDIO DE REFERENCIA:** MPG\_MPGF\_0001\_006\_en\_0\_31\_40.mp3  
**TIPO DE DOCUMENTO:** Rexistro etnográfico  
**FEITO REXISTRADO:** Entrevista

### RESUMO / DESCRICIÓN:

Esta ficha recolle parte (4/6) dunha entrevista a Xaquín Lorenzo Fernández “Xocas” realizada no seu domicilio de Ourense no ano 1980 por Justo Beramendi. A gravación, no marco da súa investigación sobre o nacionalismo galego de anteguerra, abrangue temas relativos á Guerra Civil, ao grupo Nós, á relación persoal de Xocas con Vicente Risco, ao Partido Galeguista, entre outros.

Publicamos esta gravación orixinal co gallo do centenario do Seminario de Estudos Galegos (1923-2023) no que Xaquín Lorenzo ingresou o 1 de maio de 1926 e no que exerceu diversos cargos.

### DATOS DA ENTREVISTA:

**ENTREVISTADOR:** Justo Beramendi González

**INFORMANTE:**  
**Nome:** Xaquín Lorenzo Fernández  
**Idade no momento da recolla:** 73 anos  
**Lugar e data de nacemento:** Ourense, 23 de xuño de 1907  
**Ocupación:** Etnógrafo membro do Seminario de Estudos Galegos. Cofundador do Museo do Pobo Galego, foi o primeiro Presidente do seu Padroado.

**DATA DA RECOLLA:** 1 de xullo de 1980

**LOCALIZACIÓN:**  
**Lugar:** Ourense  
**Parroquia:** -  
**Concello:** Ourense  
**Provincia:** Ourense

**COLECCIÓN:** Fondos Propios do Museo do Pobo Galego. Varios.



## DATOS DA TRANSCRICIÓN:

A transcripción da presente entrevista realizada por Justo Beramendi e María Xosé Fernández Cerviño, preparada para a edición do libro *Xocas revisitado : lembranza de Xaquín Lorenzo Fernández*, foi base para este documento. Dende o APOI readaptouse seguindo o audio orixinal.

## BIBLIOGRAFÍA:

*Xocas revisitado : lembranza de Xaquín Lorenzo Fernández* / textos de Miguel Ángel Santalices Vieira, Román Rodríguez González, Justo Beramendi González, et al. — Santiago de Compostela : Museo do Pobo Galego, 2021.

## PALABRAS CHAVE:

Nacionalismo galego , Vicente Risco , Ramón Otero Pedrayo , Florentino López Cuevillas , Xurxo Lorenzo Fernández , Partido Galeguista , galeguismo , Alfonso Daniel Rodríguez Castelao , Antón Vilar Ponte , Irmandade Nazionalista Galega , Partido Nacionalista Republicano , política , mitin.

**EDICIÓN DA PRESENTE FICHA:** Isabel Vigo Rodríguez



## TRANSCRICIÓN DA ENTREVISTA

**Justo Beramendi:** Eu penso que [Risco] é unha figura central no nacionalismo galego , en Galicia , por tanto; independentemente de que logo cometera erros como cada ser humano os comete , pero eu creo que a súa aportación ao nacionalismo é nuclear , é o cerne digamos...

**Xaquín Lorenzo:** É extraordinaria. Está na obra del , e que aí está.

**J. B.:** Pero tamén había que bucear un pouco nas súas motivacións entón é dificultoso esto. Atopei algunhas cousas na Penzol , pero son insuficientes.

**X. L.:** Si , é que non hai , todo foi desaparecendo. É unha cousa moi normal que nos ocorre a todos , que non pensamos no día de mañá , pensamos no de hoxe e nada máis , e eu recibo unha carta de Risco ou de Cuevillas e non me dou conta de que o día de mañá esa carta pode ter un valor fundamental. E isto , claro , ocórrenos a todos , de aí a pouca documentación que hai.

**J. B.:** Entón por iso estaba tan interesado , cando usté me falou destes papeis alí en Santiago , dixen , a ver se aí... Porque hai fitos moi importantes na actuación de Risco dentro do nacionalismo. Un deles , que é un enigma , por certo , é xustamente a súa conversión ao nacionalismo dende as posturas , digamos , que mantiña de novo cando a etapa de *La Centuria*. El explícaa bastante ben en *Nós , os inadaptados* , pero hai un misterio aí aínda: cal é , digamos , a espoleta , o impulso , que tivo que habelo , externo a el.

**X. L.:** Houbo , dende logo.

**J. B.:** Foi a influencia de Losada?

**X. L.:** Non. Foi esta coincidencia que un pouco providencial de xuntárense tres homes que tiñan ata un certo parentesco porque , aínda que lexano , hai un certo entronque entre as familias , pero sobre todo hai unha amizade , desas amizades que nacen nos pobos pequenos , cando nun pobo pequeno surxen tres cerebros como foron o de Risco , o de Otero e o de Cuevillas. Inevitablemente , estes homes tiñan que atoparse porque era o que máis pesaba en Ourense , pola propia densidade tiñan que vir os tres a coincidir. E esta cousa que nace un pouco , eu sei ben , porque a min pasoume unha cousa semellante , non en min , senón en meu irmau.

Meu irmau era galeguista cen por cen. Morreu cando tiña 33 anos no ano 34. Digo 33 anos...tiña 24 , morreu no ano 34 , e mire vostede , precisamente o outro día atopei unha foto que lle vou ensinar porque pode darlle unha idea de como vían os seus amigos aquí en Ourense a meu irmán. Meu irmán morreu en Zaragoza. (Levantase a coller as fotos). Recordo que me contaba un día a viúva de Risco a impresión que recibiu Vicente Risco cando se enterou de que meu irmán morrera.

**J. B.:** E de que morreu , se non é indiscreción?

**X. L.:** Hoxe non houbera morto. Unha septicemia , un graniño que lle saíu nun brazo , colleu unha infección , foi a un sanatorio , alí estiveron intentando cortarlle aquilo pero entonces , claro , nin había sulfamidas nin había antibióticos de ningunha clase en Zaragoza. E trouxémolo a enterrar a



Ourense. Foi unha caravana de máis de cincuenta automóviles a esperarnos a Verín e xa non veu a casa , foi ao local do Partido Galeguista que estaba aí na rúa de Alba e aí... Estas son unha serie de fotografías que eu fun recollendo onde está el.

**J. B.:** Isto é o enterro , non? Que lástima , tan novo.

**X. L.:** Ademais era un tipo excepcional. Escribía marabillosamente ben , tocaba marabillosamente ben , cantaba moi ben , bailando era unha marabilla , era un gran debuxante... Era iso un ser excepcional , por iso morreu. Pois meu irmau empezou a estudar Arquitectura en Madrid , pero a Arquitectura non lle enchía porque el , cando foi estudar Arquitectura , creu que iba estudar unha das Bellas Artes , e resulta que o que tiña que estudar era Álgebra...

**J. B.:** E Resistencia de Materiais...

**X. L.:** Naturalmente , todo iso. – Non , non é isto o que eu creía. Entón estudou Filosofía e Letras. Estaba el en Madrid e eu aquí e escribiámonos moito. Meu irmau era antigaleguista , é dicir , antigaleguista non precisamente antigaleguista , era , digamos , universalista. Parecíalle que aquilo do galeguismo era un disparate , encerrarse.

**J. B.:** Un localismo.

**X. L.:** Si. Quería unha cousa máis ampla. El escribíame e eu contestábame , el poñía as súas razóns e eu as miñas , total , que pouco a pouco funo convencendo e terminou sendo galeguista cen por cen. Ademais , galeguista intransixente nese aspecto. E isto foi algo do que lle ocorreu a Risco. Veulle tamén de afora pero levábao dentro , eu coido que o levamos todos dentro , agarimado polos demais. Probablemente o Risco solo , si se atopa el isolado non houbera feito nada. Houbera feito , si , porque cuando se ten o talento que tiña el faise , pero iría por outros vieiros , que sei eu , poeta modernista ou sería o que fose , pero tiña a cousa deso , de ir apoiado nestes outros homes , porque o Risco era un home fisicamente moi débil. Esta foi , pra min , verda? a gran traxedia do Risco , o ser fisicamente débil. Non era o tipo de Otero , forte , alto , senón un home encollido , tímido , e esta timidez traducíase tamén no aspecto intelectual. Pra facer esta parte que nos encomendaron desta *Historia de Galicia* que se editou en Bos Aires , a da Editorial Nós , tivemos que pasar dous veraos percorrendo Galicia toda.

**J. B.:** Por certo , en que ano escribiu Risco a parte esa? A súa? Porque non está na *Historia* o ano. Estou facendo unha bibliografía que quero que sexa o mais completa posible

**X. L.:** Si , bueno e que niso a Risco pasoulle o que me pasou a min , en realidade non podemos dar unha data.

**J. B.:** Pero entre que ano?

**X.L.:** Pois dende que empezamos a traballar niso. Porque iso é o resumen

**J.B.:** O manuscrito cando se enviou ao prelo?

**X. L.:** No ano...Cando se mandou? Porque foi editada no 63.



**J.B.:** Si , iso si. Pero no 63 el estaba morto xa.

**X.L.:** Non , el inda a viu impresa , entón foi no 62. El viuna impresa.

**J. B.:** Entón mandouna no 61 ou no 60 , por aí?

**X. L.:** Si , si , no , dende logo , iso seino porque precisamente o traballo do Risco costoume a min un disgusto coíl , porque foi cando Risco... Hai sempre xente que intervén cando non debía intervir. Convenceron ao Risco de que concurrise ao Premio Nadal e entonces o Risco , a toda prisa , escribiu unha novela , *La puerta de paja* , e mandouna.

**J.B.:** Si , a ten citada o fillo , nesa cousiña que...

**X.L.:** Está editada a demais , eu non a teño , pero está editada. Pero non a teño porque é que non podo lela , porque me poño de malhumor porque foi causa dun disgusto que tiveron con Risco , e o disgusto naceu precisamente porque o Risco abandonou o traballo este da Historia pra meterse na dichosa novela. E veña esperar , veña esperar:

“- Risco , que corre présa , Risco...”

“- Si , si , teño que facela , pero vou ver se acabo esto.”

Esa cousa , prá recollida de parte do material porque pra recollida do material hai que partir dunha cousa. Por exemplo , o tomo ese meu da Historia , iso non se fai nun verao , iso supón o que realmente ocorreu , son moitos anos de traballo. Eran fichas , eran papeletas que eu tiña gardadas , e o mesmo ocorríalle a Risco , papeletas , fichas , que chega un momento en que as colle un e ordéaaas , organizaas , e iso foi o que fixemos alá polo ano , debeu de ser polo cincuenta e tantos , 58 ou 59 , que empezamos cada un a organización do seu traballo. Pero chegou un intre en que dixemos , falando don Vicente e eu: Bueno , temos isto , pero fáltanos moito. Dalgunhas cousas temos moito , de outras practicamente non temos nada , por exemplo , a cuestión tanto da etnografía material como espiritual , a cuestión do mar , lendas , crencias , ou embarcacións , sistemas de pesca , disto non temos nada , hai que buscalo. Entón lanzámonos dous veraos a recorrer Galicia toda , unhas veces xuntos , outras veces derivando un por un lado e outro polo outro para aproveitar mellor o tempo. E entón , claro , tiveron unha convivencia íntima con Vicente Risco como non tivo nadie , porque unha cousa é visitar a un señor e estar con el un par de horas , aínda que sexa tódolos días , como estábamos aquí na casa do Risco en que nos xuntábamnos tódalas tardes , íbamos prá casa do Risco , a veces non estaba el pero era igual , íbamos o mesmo e alí estábamos traballando , unhas veces charlando e outras traballando. Pero outra cousa é collelo mau a mau e estar unha chea de días desde a mañá ata a noite con el , entonces é cando se coñece a esa persona. Esta ocasión coido que non a tivo ninguén máis que eu , xadifo , nesa ocasión; aproveitando esa viaxe que fixemos por toda Galicia.

Eu , entón , que estaba en contacto con Risco xa desde o ano 28 ou 27 , a pesar do tempo transcurrido , a pesar do que eu coñecía ao Risco , asombrábame tódolos días cando este home falaba. O que sabía! O que había leido , os coñecementos que tiña de todo. Pero , sobre todo e por encima de todo , a orixinalidade do pensamento do Risco. Cando se puña a discurrir acerca dunha cousa , cando se puña a sacar consecuencias dun feito , cando se puña a analizar calquera cousa era

extraordinario , dunha claridade de pensamento como non lle coñezo a nadie. Risco era un home extraordinario , o que pasa é que era moi tímido e non se atrevía , non opinaba , non decía nada , deixábase ir porque non se atrevía. Tiña medo de opinar , tiña medo de falar , e cousas que coñecía perfectamente pois parecía que non , que tiña unha idea delas pero nada máis. Faltáballe iso , o lanzarse. Non se lanzaba por timidez e isto , claro , ten consecuencias lóxicas na súa traectoria , non só no terreo intelectual senón tamén no terreo político.

**J. B.:** Entón usté cre que , digamos , o salto de Risco desde esa postura do neosofismo e *La Centuria* ao nacionalismo , ao galeguismo das Irmandades , é máis ben pola influencia de Pedrayo e de Cuevillas , ou foi un camiño que percorreron xuntos? Unha interinfluencia.

**X. L.:** Non me atrevería a dicir... Esa é a cousa. É unha semente que atopa o terreo abonado e entón esa semente pois sae pra arriba. Esa mesma semente nun areal non sae.

**J. B.:** E esas cousas que se din , que nunca me convenceron , de que fora a viaxe de Cambó.

**X. L.:** Todo iso son ganas de querer explicar dun xeito absurdo cousas que non teñen...

**J. B.:** E o Losada non exercería neles algunha influencia?

**X. L.:** Indudablemente que si , como a exerceu Castelao , como a exerceu Vilar Ponte , pero son en realidade unhas influencias mutuas. Non se pode dicir: - En Risco influíu Castelao. É que é certo , pero tamén Castelao...

**J. B.:** E moito máis Risco en Castelao. Iso por suposto , pero digo despois.

**X. L.:** É o ambiente , o entorno que se di hoxe. É o , vámoslle chamar o fenómeno ecolóxico. É que o home encóntrase nunhas condicións boas , nunhas condicións vitales , e entón medra. Se lle houberan faltado elementos destes , pois quedaría en estado durminte , como din os masóns , pero non sairía fóra. Pero atopou o terreo , e despois claro , eso baseado tamén noutra cousa: na admiración que sentía Risco e que sentimos todos nós polos Precusores. Cuando empeza un a ver esas figuras tan extraordinarias , Murguía , Pondal , Rosalía , toda esta xente , claro , pois aínda que só sexa por ver o espírito que moveu aqueles homes , ten un que sentirse atraído por eles e , polo tanto , pola súa idea , iso é indudable.

**J. B.:** Non , non , bueno iso está claro , pero o problema é o dos anos entre o 16 e o 18 porque , eu penso que claro , se non estou trabucado , creo que Risco entra nas Irmandades no 18.

**X. L.:** Nesas datas eu aínda non estaba en contacto con eles.

**J. B.:** Entre o 18 e o 22 , que é a Asamblea de Monforte , das Irmandades , Risco xa , digamos , pasa de ser un neófito , por decilo dalgún xeito , no campo do nacionalismo a ser a figura pensante máis importante neses catro anos , ata o punto de que no 22 é o que marca a pauta das Irmandades.

**X. L.:** Claro , precisamente , por isto que lle decía a vostede da claridade , da profundidade de pensamento de Risco , porque en canto Risco entrou no galeguismo , en canto matinou nos problemas de Galicia , entón sacou a consecuencia inevitable que había que sacar: que había que



levantarse. A proba é que , é unha cousa curiosa , porque parece que hai unha certa tendencia a invertir aquí uns términos. Parece que galeguismo é pecharse en Galicia e vamos arreglar nós na casa os nosos problemas intelectuais. Resulta que non é iso , senón todo o contrario. O galeguismo –estou falando do galeguismo destes homes , de Otero , de Cuevillas , de Risco , de Castelao , de toda esta xente- é o galeguismo , polo contrario , que se bota fóra , que quere abrir a Galicia pero levala a Europa , non a Madrid , levala a Europa. Porque aquí , en España , donde primeiro se falou , por exemplo de Merezhkovski e de Rabindranath Tagore e desta xente foi en Ourense , foi Risco. E cando por aí adiante non coñecían estas grandes figuras europeas , aquí falábase delas e discutíanse e comentábanse. Este era e é o galeguismo noso , non o galeguismo pequeno. Nós queremos resolver os problemas de Galicia , pero desde un punto de vista europeo , non noso. Non se trata dun galeguismo de coros e de bailar a muiñeira , non.

**J. B.:** Entón vostede entrou en contacto con el [Risco] no 27 ou o 28. Daquela estaba a Irmandade Nazionalista Galega.

**X. L.:** Si , estaban funcionando as Irmandades.

**J. B.:** Si , pero dentro das Irmandades estaba a Irmandade Nazionalista Galega , da que Risco era Conselleiro Supremo. Entrou vostede nisto , ou simplemente se mantivo así...?

**X. L.:** Ben , entrei , se lle digo a verdade , entrei dunha maneira un pouco inconsciente.

**J. B.:** Como entramos todos de novos.

**X. L.:** Inconsciente , quérolle decir , no sentido de que , non necesitei , precisamente polo contacto que tiña con estes homes , non necesitei que me dixesen: “- Mira , hai que un Partido”. Non , eu , polo feito de estar con eles , de oílos , de opinar con eles , automaticamente me considerei como un deles. E cando se fundou o Partido , non me lembro do ano , foi aquí nos sótanos do café La Unión...

**J. B.:** Que partido , o Nacionalista Republicano?

**X. L.:** Non , o Partido Galeguista. Eu fun un dos que estaba alí , con Risco , con Cuevillas , con Otero , cos de Ourense.

**J. B.:** Despois do Nadal do 31 , que foi a fundación en Pontevedra do Partido Galeguista. Pero antes existía aquí , que Otero Pedrayo fora deputado nas constituíntes da República , do Partido Nacionalista Republicano. Iso que era , unha especie de reconversión da Irmandade Nazionalista Galega de Ourense , ou como foi aquilo?

**X. L.:** Pois si , en realidade non foi máis que iso mesmo.

**J. B.:** Con outro nome?

**X. L.:** Si , nada máis.

**J. B.:** E tiña moita xente? Como funcionaba aquilo? Perdome a miña curiosidade de historiador.



**X. L.:** Está ben , está ben. Ademais , parécenme moi lóxicas as preguntas estas que fai e as dúbidas que vostede ten son moi lóxicas e naturais.

Aquí era a cousa un pouco anarquista , no sentido de falta dunha planificación política. Porque isto é o que nos faltou a nós , hai que recoñecelo. Galicia non tivo políticos , Galicia tivo algúns señores , bastantes por desgracia , que aproveitaron a política para medrar eles , pero nada máis.

**J. B.:** Ese é un mal que segue , desgraciadamente.

**X. L.:** Pero políticos que loitasen por Galicia non os houbo , e aquí o que faltaba era iso , o home de habilidade política , o electoreiro , o caciquiño , iso era o que non tiñamos. Nós íbamos abertamente e chegamos a ter , si , moita xente , porque habíanse fundado comités do Partido Galeguista en toda a provincia , nos sitios máis remotos había comités do Partido Galeguista. Por certo , até o extremo de que hai un sitio preto de Lobeira , ó lado de Lobeira que é San Xes , que está en plena montaña , a uns 850 m de altitude , entón non tiña carreteira , hoxe ten unha desas pistas que fan agora , pero entón non a tiña , había que ir gabeando polo monte arriba porque é un sitio tremendo pra chegar a el. O sitio era criminal. Pois alí foron a dar un mitin nada máis e nada menos que Otero Pedrayo , Castelao e Alexandre Bóveda. Ademais , unha parroquia destas de montaña , unha parroquia pequena , que sei eu , no mitin aquel eu non estiven nil porque estaba entón en Santiago en pleno curso e non puideron ir , pero miña nai había ido , miña nai foi desde Lobeira , hai que baixar ao río Abedela e logo gabeear por toda a serra aquela do Leboreiro , pero miña nai foi , claro , tratándose de Otero non iba ir. Foi a que me contou isto. Había alí , todo o máis , 50 ou 60 individuos , pero foron estes tres homes alí e deron o mitin.

Contábame miña nai que se rira moito , que lle fixera moia gracia , e a don Ramón tamén lle fixo moita gracia cando llo contei , que diante de miña nai había tres velliñas que estaban oíndo , cando Otero empezou a falar , coa súa humanidade , cando terminou gran entusiasmo da xente e unha daquelas velliñas dille ás outras:

“- Ai , que home! Que ben fala! Quen fora nova e o merecera”.

(Risas)

E así funcionaba o Partido Galeguista , a base deso. Que un día tiñamos ocasión de ir a un sitio calquera onde había un mestre que era galeguista e que falara con media ducia de paisanos , pois íbamos alá e constituíamos un comité do Partido Galeguista , e avisábanos:

“- Home , que aquí hai un comité galeguista e mañá hai unha feira ou hai calquera cousa que vén moita xente. Podían vir?”

Pois ala , íbamos. Cuevillas , por exemplo. Cuevillas non foi orador nunca , era un gran conferenciante pero lendo. Escribía as cousas , por eso non deu nunca mitins galeguistas. Ah! pero , en cambio , escribía os discursos que iban pronunciar despois os demais ... extraordinario:

“- Mañá hai que ir dar un mitin alí home , pero ten que ir Fulano , que non falou nunca”.





“– Bueno , non se preocupe , xa arreglaremos”.

Agarraba unhas quartelas e escribía o discurso:

“- Tome , que lea eso”.

El facía o mitin e outro actuaba de locutor.